

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SOLICITUDES DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES PARA PRÁCTICAS - Durante os meses de abril e maio 2022- PROGRAMA ERASMUS+ KA103- para un país da UE.

Data límite para presentar solicitudes 24 de marzo de 2022

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, fai pública a presente convocatoria extraordinaria de solicitudes de participación nas actividades de mobilidade de Alumnos desta Escola, no marco do Programa Erasmus+ para calquera país da Unión Europea (para ver os países de destino: http://www.sfbvg.ch/xml_3/internet/ES/application/d77/f81.cfm).

Para poder participar na convocatoria os alumnos deberán presentar na secretaría da escola, dentro do prazo establecido, o Formulario de Solicitud - Anexo I-, e axuntar toda a documentación que se indica:

- Copia do DNI polas dúas caras.
- Curriculum Vitae (Europass - <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>)
- Carta de motivación.
(breve carta na que se expoñan os motivos do alumno para participar no programa).
- Acreditación de nivel dos idiomas estranxeiros.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

Poderán participar neste programa os alumnos que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus+.
- Cursar estudos superiores ou ciclos formativos de grao superior na EASD Lugo, no momento da solicitude e no momento da realización da mobilidade.
- Xustificar que ten o nivel necesario da lingua utilizada na Institución de destino, ou no seu defecto, de inglés.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

1 – EXPEDIENTE ACADÉMICO.

Nota media do expediente académico do alumno nos estudos que está a cursar na actualidade. Non fai falta axuntalo xa que será aportado pola secretaría do centro.
(Puntuación máxima: 5 PUNTOS).

2 - CERTIFICADOS DE IDIOMAS ESTRANXEIROS:

- Nivel B1 1 PUNTOS.
- Nivel B2 2 PUNTOS.
- Nivel C1 o superior 3 PUNTOS.

3 – CARTA DE MOTIVACIÓN:

(Puntuación máxima: 5 PUNTOS).

SELECCIÓN DE PARTICIPANTES:

O Tribunal de valoración estará formado por un membro do Equipo Directivo, o Coordinador de Proxectos Internacionais e un profesor da EASDRF.

En caso de empate terá preferencia o mellor expediente.

O resultado da selección será comunicado persoalmente por correo electrónico a cada un dos participantes e tamén na páxina web da escola.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

- Para aclarar dúbidas, pódese contactar co Coordinador de Programas Internacionais e-mail: ferreiromazon@edu.xunta.es

- Na páxina oficial do SEPIE, pódese consultar información de interese relativa ao programa Erasmus+: www.sepie.es

Lugo, marzo de 2022

O Coordinador de Programas Internacionais da EASDRF-LUGO.
Pablo Ferreiro-Mazón Suárez

- ANEXO I -

**FORMULARIO DE SOLICITUDE DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES
PARA PRÁCTICAS - Durante os meses de abril e maio 2022-
PROGRAMA ERASMUS+ KA103- para un país da UE.
Data límite para presentar solicitudes 24 de marzo de 2022**

Nome e apelidos:	
DNI/Pasaporte:	
E-mail:	Teléfono:
Data de nacemento:	
Nacionalidade:	
Estudos que cursa na EASDRF e curso:	
Países de destino (por orden de preferencia):	
Institución ou empresa de destino (si xa se coñece):	
Páxina Web:	e-mail:
Teléfono: +	
Persoa de contacto:	
Nome do titor de prácticas:	
Email:	Teléfono:+
Certificacións Idiomas estranxeiros: - Inglés - Nivel: - Francés - Nivel: - Portugués - Nivel: - _____ - Nivel: - _____ - Nivel:	
<u>- Documentación a axuntar a esta solicitude:</u> - Copia do DNI polas dúas caras. - Curriculum Vitae (Europass - https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae) - Carta de motivación. - Acreditación de nivel dos idiomas estranxeiros.	

Sinatura do solicitante